
GRISELA

Texto de ANKE DE VRIES

Ilustracións de WILLEMEN MIN

Tradución de ARIANNE FABER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €.

Grisela (galego)

ISBN 978-84-8464-293-0. Demademora.

Grisela (castelán)

ISBN 978-84-8464-284-8. Obras de autor. Primeros lectores.

Griseta (català)

ISBN 978-84-16804-07-8. Obres d'autor. Primers lectors.

Grisele (euskara)

ISBN 978-84-9172-193-2. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Grisela (português)

ISBN 978-989-749-075-0. Obras de autor. Primeiros leitores.

*Un día, Grisela atopouse moi triste,
tan triste coma o seu pelame gris.*

«Teño que facer algo», pensou.

Colleu un bote de pintura vermella e dixo:


–Se me pinto dunha cor alegre,

seguro que me poño contenta...

«Grisela» é unha fábula actual sobre a importancia de ser un mesmo, aceptándose cos defectos e coas virtudes propios de cada un. Cando se sente mal a causa do seu aspecto, a ratiña protagonista proba a pintarse de varias cores pero nin de vermello, nin de verde, nin de amarelo, nin a raias, nin con flores consegue sentirse mellor. A causa do rexeitamento, que acentúa a súa tristura, son as burlas dos demais animais. Ata que un repentino contratempo lévaa a meterse na auga e daquela sucede que...

Este sinxelo relato para primeiros lectores destaca tamén polo contraste entre estados de ánimo e emocións, xerando a empatía e a solidariedade do público. Na sociedade actual, tan mediatizada pola imaxe e polas aparencias, este álbum alenta reforzos positivos como a autoestima e a amizade, por riba do superficial.

O texto complementase con ilustracións expresivas que resaltan sobre fondos limpos. A composición visual combina a cor con aplicacións a lapis e papel, a modo de collage.



- **Temática:** fábula actual sobre a busca da propia identidade; autoestima.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos; primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** convivencia, sociedade; animais, natureza; cores; emocións e estados de ánimo; leducia, tristura; amizade.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/grisela-g>

Anke de Vries

(Sellingén, Países Baixos, 1936)

Dende que empezou a súa traxectoria como escritora, en 1972, publicou máis de 80 libros infantís, polos que recibiu varios premios. Entre eles, o Lapis de Prata (Premio Nacional de Literatura Holandesa) e unha mención na Lista de Honra do Premio Europeo de Literatura Xuvenil. Viviu en Grecia, Francia e Paquistán, entre outros países.

Willemien Min

(Bergén, Países Baixos, 1956)

Estudou na Academia de Artes Gerrit Rietveld de Amsterdam. É profesora da Academia de Artes Visuais de Maastricht e ilustrou numerosos libros infantís para editoriais como Barefoot e Lemniscaat. Foi galardoada pola Bienal de Ilustración de Bratislava e recibiu o Pincel de Ouro de Holanda.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

